

4. A Administración xeral do Estado poderá elaborar e publicar estatísticas dos asentos contidos no rexistro, eludindo calquera referencia persoal na información e tendo en conta o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as súas disposicións complementarias.

Artigo 6. *Cancelacións.*

1. A cancelación rexistral, que se practicará por instancia do interesado, por comunicación do órgano xudicial ou de oficio, será acordada, en todo caso, polo Ministerio de Xustiza.

2. Procederá a cancelación da inscrición do rebelde civil mediante solicitude deste na que deberá indica-lo domicilio ó que se lle poidan dirixi-las comunicacións xudiciais ou por comunicación de calquera órgano xudicial ó rexistro mencionando o coñecemento do domicilio dunha persoa que figure inscrita nel. Con carácter simultáneo á cancelación, o rexistro deberá poñer en coñecemento dos órganos xudiciais que aparecieran anotados xunto á inscrición os datos facilitados do domicilio.

3. No caso de que se denegue a cancelación instada polo interesado por non reuni-los requisitos que lle son legalmente esixibles, o rexistro deberalle indica-los defectos que apreciase e recordarlle a posibilidade de instar novamente esa cancelación en canto quedasen corrixidos. Sen prexuízo do seu dereito a solicitar novamente esa cancelación do rexistro, o interesado poderá dirixirse ó órgano xudicial autor da comunicación orixinaria para que sexa este o que se dirixa ó rexistro solicitando a cancelación da inscrición en cuestión.

4. Tamén procederá a cancelación de oficio das inscricións respecto das que non houbese comunicacións ou consultas nun prazo de cinco anos.

Disposición transitoria primeira. *Implantación gradual das comunicacións telemáticas.*

Mentres os órganos xudiciais carezan dos medios necesarios para efectua-las comunicacións telemáticas a que se refire o artigo 4, estas realizaranse por outros medios que permitan ter constancia da orixe da comunicación recibida.

Disposición transitoria segunda. *Comunicacións de sentencias anteriores á entrada en vigor deste real decreto.*

1. As comunicacións que os órganos xudiciais lle dirixan ó Ministerio de Xustiza, a propósito de demandados con domicilio descoñecido e que teñan entrada antes da data en que o rexistro entre en funcionamento, serán inscritas a partir desa data, con indicación daquela en que se recibiron.

2. Para estes efectos, os tribunais competentes na materia poderanlle remitir ó xestor do rexistro os datos ós que se refire o artigo 3, relativos ás resolucións dadas a partir da vixencia da Lei de axuízamento civil e antes da data en que o rexistro entre en funcionamento.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Xustiza para que adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
ÁNGEL ACEBES PANIAGUA

5334 *REAL DECRETO 232/2002, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Sentencias sobre Responsabilidade Penal dos Menores. («BOE» 65, do 16-3-2002.)*

A Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, establece na súa disposición adicional terceira, que no Ministerio de Xustiza se levará un rexistro de sentencias firmes, dadas en aplicación desa lei, ós datos do cal poderán acceder exclusivamente os xuíces de menores e o Ministerio Fiscal. En consecuencia, procede establecer regulamentariamente ese rexistro, regulando a súa organización e contido e os procedementos de inscrición e acceso a el.

As previsións que contén a mencionada lei orgánica para lles facer fronte ás condutas ilícitas dos menores son de natureza sancionadora-educativa, e aínda que precisen dunha actuación xudicial ante feitos que infrinxen as normas legais, adóptanse desde unha perspectiva correctiva e educativa coa finalidade de logra-la reinserción e recuperación do menor infractor para a sociedade. Así, o artigo 51 permítelle ó xuíz, por un procedemento determinado, deixar sen efecto ou substituí-la medida, co cal a listaxe de posibles medidas impostas excede en número a de penas aplicables ós maiores de idade.

Encoméndaselle tamén ó xulgador un estudio singular e específico en cada caso, debendo constar no expediente os datos psicolóxicos, educativos, familiares e de contorno social do menor afectado. Para iso é de grande utilidade a existencia dun rexistro onde conste a referencia dos que foron sentenciados polos tribunais de menores, de tal forma que os xuíces de menores e o Ministerio Fiscal poidan coñecer eses posibles precedentes dun menor suxeito ó procedemento de responsabilidade que contempla a lei.

De acordo cos principios que rexen o pacto de Estado para a reforma da xustiza, para a súa modernización e incorporación ás novas tecnoloxías dunha sociedade da información, o rexistro organízase con criterios de rapidez e eficacia; de aí que expresamente se configure unha estrutura funcional informatizada con sistemas homoxéneos e compatibles cos utilizados polos órganos xudiciais ós que presta servicio, e se estableza a comunicación telemática entre ambos. Estes mesmos principios de axilidade fundamentaron a ordenación de prazos exiguos: dez días para lle comunica-la sentencia ó rexistro e tres días para a expedición por este dos datos requiridos.

Permítese a utilización polo Ministerio de Xustiza dos datos rexistrados para efectos estatísticos, salvagardando os dereitos dos interesados de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, polo que a presente norma prohíbe calquera referencia persoal na divulgación desa información.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas,

de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de marzo de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto regula a organización e funcionamento do Rexistro de Sentencias sobre Responsabilidade Penal dos Menores, previsto na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, que ten por obxecto a inscrición das sentencias que, con carácter de firmes, dicten os xulgados e tribunais en aplicación desa lei orgánica.

Artigo 2. *Organización do rexistro.*

1. O rexistro, de conformidade co previsto na disposición adicional terceira da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, está integrado na Administración xeral do Estado e adscrito ó Ministerio de Xustiza.

2. A xestión do rexistro corresponderalle á Subdirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza e o Ministerio Fiscal.

3. O Rexistro de Sentencias sobre Responsabilidade Penal dos Menores é único en todo o territorio nacional e ten a súa sede en Madrid.

Artigo 3. *Contido da inscrición.*

As inscricións no rexistro conterán, con respecto a cada sentenza declarada firme, aqueles datos dela referidos a:

a) Órgano xudicial que dictou a sentenza, data desta e número de referencia do expediente.

b) Data en que adquire firmeza a sentenza e demais datos da executoria.

c) Circunstancias persoais, filiación e domicilio do menor responsable.

d) Expresión concreta das medidas impostas ó menor, entre as previstas no artigo 7 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, a súa duración e, se é o caso, o lugar de cumprimento.

e) A suspensión, redución ou substitución da medida imposta que acorde o xuíz mediante auto motivado, cando este sexa firme.

f) Data de prescrición, de cumprimento ou finalización por calquera causa da medida ou medidas impostas.

Artigo 4. *Remisión da información.*

Os xulgados e tribunais competentes na materia remitirán, de oficio, unha comunicación ó rexistro dentro dos dez días seguintes á data en que a sentenza adquira firmeza, contendo os datos dela a que se refire o artigo anterior. Igualmente remitirán, dentro do mesmo prazo desde a data de firmeza, os datos do auto a que se refire a alínea e) do artigo anterior, así como a data de cumprimento ou finalización por calquera causa da medida ou medidas impostas.

Artigo 5. *Soporte da información e réxime das comunicacións.*

1. As anotacións estarán contidas en rexistros apropiados para almacenar e expresar, con garantía xurídica e de modo indubitado, toda a información que ha de

constar no rexistro, con facilidade de recuperación e garantía da súa conservación e transmisión.

2. As comunicacións entre xulgados e tribunais e o rexistro realizaranse por procedementos telemáticos, de tal forma que o soporte utilizado asegure a autenticidade da comunicación e do seu contido e quede constancia da remisión e recepción íntegras e do momento en que se fixeron. Para tal fin, os sistemas informáticos do rexistro serán compatibles cos dos órganos xudiciais para asegura-la homoxeneidade da comunicación.

Artigo 6. *Acceso ás inscricións.*

1. Só terán acceso ós datos contidos no rexistro os órganos xurisdiccionais que coñezan dos procedementos previstos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, e o Ministerio Fiscal, para os efectos da súa utilización nos procedementos ou actuacións dos que estean coñecendo.

2. A petición de información axustarase ós modelos que, para o efecto, aprobe o Ministerio de Xustiza e será facilitada polo rexistro nun prazo máximo de tres días, a partir do día seguinte a aquel en que foi solicitada.

3. A Administración xeral do Estado poderá elaborar e publicar estatísticas dos asentos contidos no rexistro, eludindo calquera referencia persoal na información e tendo en conta o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as súas disposicións complementarias.

Artigo 7. *Cancelación de datos.*

Transcorridos dez anos, contados desde que o menor alcanzase a maioría de idade, ou cumprise os vinteún anos, nos casos en que a estes se lles aplique o artigo 4 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, e sempre que nun e outro caso as medidas xudicialmente impostas fosen executadas na súa plenitude ou prescrito, o Ministerio de Xustiza procederá de oficio á cancelación de cantas inscricións de sentencias referentes a el consten no rexistro.

Disposición transitoria primeira. *Implantación gradual das comunicacións telemáticas.*

Entrementres non exista nos órganos xudiciais dotación informática suficiente, as comunicacións a que se refire o artigo 5 realizaranse por medios que permitan ter constancia do orixe e autenticidade delas.

Disposición transitoria segunda. *Comunicacións de sentencias anteriores á entrada en vigor deste real decreto.*

1. As sentencias firmes dictadas polos xulgados e tribunais competentes na materia antes do funcionamento do rexistro serán anotadas cando o mesmo estea establecido, con indicación da data en que adquiriron firmeza.

2. Para estes efectos, os xulgados e tribunais competentes na materia remitirán ó xestor do rexistro os datos ós que se refire o artigo 3, relativos ás sentencias firmes dictadas a partir da vixencia da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores, e antes da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Xustiza para que adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
ÁNGEL ACEBES PANIAGUA

XEFATURA DO ESTADO

5733 *LEI 4/2002, do 22 de marzo, sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de 4.898.547,73 euros, para o pagamento das cantidades derivadas da sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, do 20 de outubro de 1997, e de diferentes autos dictados en execución de sentenza, nos que se recoñece o dereito dos reclamantes a seren indemnizados polos danos causados pola rotura da Presa de Tous. («BOE» 71, do 23-3-2002).*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crédito extraordinario ten por obxecto dota-los recursos necesarios para lle dar cumprimento á sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, do 20 de outubro de 1997, que estimou o recurso 455/1997, interposto polos afectados polos danos derivados da rotura da Presa de Tous (Valencia), acaecida o 20 de outubro de 1982.

A resolución da sentenza estima o recurso interposto pola representación procesual dos recorrentes, adoptando, entre outros, os seguintes pronunciamentos:

Declara a responsabilidade patrimonial directa da Administración do Estado, por funcionamento anormal do servizo público no conxunto das actuacións (esencialmente por omisión) determinantes da rotura da Presa de Tous (Valencia).

Condena a Administración do Estado a indemniza-los recorrentes que figuran na parte dispositiva da sentenza, nos danos e perdas producidos polo derrubamento da Presa de Tous que non fosen indemnizados na sentenza dictada pola Sala Segunda do Tribunal Supremo, do 15 de abril de 1997. A determinación e cuantificación líquida realizarase en trámite de execución de sentenza, mediante auto, conforme os criterios sinalados polo tribunal.

A Administración do Estado está obrigada a aboa-lo xuro legal das cantidades resultantes, desde que foron reclamadas ata o seu completo pagamento.

A mesma sala, sección e tribunal dictaron distintos autos, en trámite de execución de sentenza, nos que se fixa a cantidade concreta que debe percibir cada reclamante en concepto de indemnización, máis os xuros legais que se xerasen ata o seu completo pagamento.

Coa finalidade de atende-las obrigas derivadas do cumprimento da sentenza e autos aludidos, tramítase este crédito extraordinario de acordo co Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 4.898.547,73 euros á sección 23 «Ministerio de Medio Ambiente», servizo 05 «Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Augas», programa 512A «Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 48 «A familias e institucións sen fins de lucro», concepto 480 «Para o pagamento de indemnizacións orixinadas pola rotura da Presa de Tous, en cumprimento da sentenza do Tribunal Supremo do 20 de outubro de 1997».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede no artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Artigo 3. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

Autorízase o ministro de Facenda a amplia-lo crédito que se concede, na cantidade necesaria para aboa-lo exceso de xuros que se produzan ata a data en que se realice o pagamento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Palma de Mallorca, 22 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
en funcións,
MARIANO RAJOY BREY

5734 *REAL DECRETO LEI 1/2002, do 22 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para repara-los danos causados polas chuvias, temporais e outros fenómenos naturais relacionados coa citada climatoloxía adversa, acaecidos desde os últimos días do mes de setembro ata finais do mes de febreiro de 2002 nas comunidades autónomas de Andalucía, Illas Baleares, Canarias, Cataluña, Rexión de Murcia, Comunidade Valenciana e cidade de Melilla. («BOE» 71, do 23-3-2002.)*

Desde os últimos días do mes de setembro e ata finais do mes de febreiro de 2002 unha serie de fenómenos meteorolóxicos adversos, entre os que cómpre salientar especialmente a presenza de ventos borrascosos e temporais mariños acaecidos no mes de novem-